

Estimadas compañeiras,
Estimados compañeiros,

En consecuencia da orde emitida polo Reitoría este domingo 15 de marzo, ás 22:00 horas derivada á súa vez do decreto da Presidencia del Gobierno decretando o Estado de Alarma o 14 de marzo,

Mediando a deliberación do equipo de Dirección e a consulta aos diversos servizos desta Escola, debo responsablemente ditar o

PECHE DOS EDIFICIOS DO CENTRO

a partir das 12:00h de hoxe luns 16 de marzo até as 24:00h do luns 30 de marzo, ambos inclusive.

Este peche realizarase coas seguintes condicións, tendentes a garantir a continuidade das actividades:

1. **A DIRECCIÓN DO CENTRO** permanecerá activa, traballando telematicamente. Poderá ser contactada en todo momento a través dos seus email:
etsacdir@udc.es
xefedeestudos.etsa@udc.es
Ou a través do teléfono 881.015018
2. **A ADMINISTRACIÓN DO CENTRO** operará telematicamente no seu horario habitual, estando accesible a través do email:
administracion.arquitecturasuperior@udc.es
Ou a través do teléfono: 881.015044
3. **A UADI DO CENTRO** operará telematicamente, estando accesible a través do email: uadi.etsa@udc.es
Ou a través do teléfono: 881.015263 – 670.267779
4. **XESTIÓN ECONÓMICA** traballará telematicamente no seu horario habitual, estando accesible en:
email: eco5220@udc.es
Tel. 881.015019 ou 881.015043
5. **A BIBLIOTECA DO CENTRO** ten limitado o préstamo e as devolucións. Os restantes servizos serán operados telematicamente a través dos contactos:
email: betsa@udc.es / a.sanjuan@udc.es
Tel. 881.015020/ 881.015001
6. **OS SERVIZOS DA CONSERXERÍA** do centro estarán dispoñibles, previo contacto electrónico en:
Email: conserxaria.etsa@udc.es

Operará nos días lectivos, en horario de 09:00h a 19:00h para quen necesite acceder a calquera dos nosos edificios, recomendándose que este acceso se reduza ao mínimo extremadamente imprescindible.
7. **SERVIZO DO LABORATORIO DE FABRICACIÓN DIXITAL.** Prestará os seus servizos non presenciais a través de:
Email: ldfab.etsa@gmail.com
Tel. 881.015245

Código Seguro De Verificación	dxmmeeCNwMeMjksFFjNKOQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Plácido Lizancos Mora - Director/a Ets de Arquitectura	Asinado	16/03/2020 19:49:19
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/dxmmeeCNwMeMjksFFjNKOQ==		



8. **O PROFESORADO** seguirá impartindo docencia e desenvolvendo as titorías docentes por medios telemáticos no horario habitual. Ningunha actividade docente poderá ser presencial nin desenvolverse na vía pública.

9. **A DELEGACION DE ESTUDANTES** seguirá desenvolvendo a súa actividade e estará accesible a través dos medios:

Instagram: @nonsomosovellas

Facebook: "Representantes ETSAC"

email: representantes.alumnos.etsa@udc.es

Tel. 881.015300

10. **O PERSOAL BOLSEIRO E INVESTIGADOR** realizará as súas actividades no seu domicilio, no horario regular, comunicándose cos seus titores por medios telemáticos.

11. **AS ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA** presenciais quedan suspendidas durante este período, debéndose reprogramar.

12. **AS REUNIÓN DE ÓRGANOS COLEXIADOS** realizaranse de forma telemática.

13. Non se poderán reunir presencialmente **TRIBUNAIS OU XURADOS**.

14. As actividades do **PAT** realizaranse telematicamente.

15. **AS PRÁCTICAS EXTERNAS** realizaranse segundo o criterio de seguridade e saúde de cada empresa implicada. Non se poderá realizar prácticas en centros sanitarios ou asistenciais.

16. **CORREO POSTAL** será recepcionado na oficina de correos da UDC e trasladado regularmente á conserxería da ETSAC onde será custodiado.

Estas extraordinarias medidas, das que se informará á Reitoría, tómanse en atención ao ben común para posibilitar a reposición da saúde pública, a protección das persoas vulnerables da nosa Escola, conciliar a vida profesional e familiar de todos nós e facer posible a axuda á quen o necesite na nosa comunidade, todo isto sen detrimento das nosas ocupacións correntes.

Somos un colectivo solidario ante a adversidade. Sen dúbida superaremos este momento. E afrontaremos con enorme enerxía a recuperación dos danos que sabemos se producirán tanto na Escola como na sociedade da que formamos parte en canto teñamos a feliz oportunidade de poder volver a traballar *codo con codo*.

Afectuosamente,

O director, Plácido Lizancos

A Coruña, 16.03.2020 / 11:00h

TELÉFONOS DO SERVIZO DE SEGURIDADE DA UDC 682.070.271 E 699.400.028

Código Seguro De Verificación	dxmmeeCNwMeMjksFFjNKOQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Plácido Lizancos Mora - Director/a Ets de Arquitectura	Asinado	16/03/2020 19:49:19
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/dxmmeeCNwMeMjksFFjNKOQ==		

